

**Resolución do 28 de outubro de 2020, da Xefatura territorial da Consellería do Mar de Celeiro-Lugo, pola que se declara deserta a convocatoria do proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación, modalidade de marisqueo a pé, para o exercicio da actividade no ámbito da Confraría de pescadores de Celeiro.**

• **Antecedentes**

1. A Orde de 20 de decembro de 2018 aprobou o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2019 e de conformidade co expediente de aprobación do plan de explotación de moluscos bivalvos e gasterópodos a pé en libre marisqueo da confraría de pescadores de Celeiro (PE 403A 2018/3-2) indicábase que para o ano 2019 mantense o número máximo de 4 permisos que poderían participar neste plan.
2. De acordo co punto 1 da disposición transitoria primeira do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, o dito plan prorrogase ata o 31.12.2020.
3. O 15.07.2020, os biólogos da Xefatura Territorial de Celeiro emiten un informe sobre a adopción de determinadas medidas de adaptación para este plan de xestión.
4. O 16.07.2020, esta xefatura territorial remitiulle á confraría unha proposta para a adopción de medidas de adaptación no plan de xestión. Entre as medidas propostas figuraba a de cubrir as 3 prazas vacantes presentes no plan, co que esta xefatura territorial, de acordo co artigo 17.2 do Decreto 153/2019, procedería a convocar un proceso selectivo para encher as ditas prazas ata acadar a cifra máxima de permisos establecidos.
5. A Xefatura Territorial de Celeiro-Viveiro non recibiu ningunha alegación da confraría de pescadores de Celeiro, polo cal se entende a conformidade da mesma coas medidas de adaptación propostas.
6. O 04.09.2020 esta xefatura territorial resolveu adoptar determinadas medidas de adaptación do plan de xestión de moluscos bivalvos e gasterópodos a pé en libre marisqueo da confraría de pescadores de Celeiro.
7. Por Resolución do 8 de setembro de 2020, convócase un proceso selectivo para ampliar o número de mariscadores na Confraría de pescadores de Celeiro, non recibíndose ningunha solicitude.

• **Consideracións legais e técnicas:**

1. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, do 31 de maio e o Decreto 48/2013, do 7 de marzo.
2. A Orde do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, regula no seu artigo 6 e seguintes o procedemento para a obtención do permiso de explotación.
3. De acordo co anteriormente indicado convocouse por esta xefatura territorial, mediante a resolución do 8 de setembro de 2020, o proceso selectivo para a obtención de tres (3) permisos de explotación, modalidade de marisqueo a pé, para o exercicio da actividade no ámbito territorial da Confraría de pescadores de Celeiro.



Esgotado o prazo de presentación, non concorreron candidatos ao proceso de selección. Polo que,

**RESOLVO:**

Declarar deserta a convocatoria do proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación, modalidade de marisqueo a pé, para o exercicio da actividade no ámbito da Confraría de pescadores de Celeiro.

A presente resolución publicárase no taboleiro de anuncios da Xefatura Territorial de Lugo en Celeiro-Viveiro e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da Confraría de pescadores de Celeiro.

Contra esta resolución, que non pon á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a Consellería do Mar no prazo dun (1) mes que se contará a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Celeiro-Viveiro, 28 de outubro de 2020

O xefe territorial  
Pablo Ramón Fernández Asensio

